



## Concello de Cuntis


### **BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A SUPERIOR PARA DESENVOLVER O "PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS NO EIDO LOCAL" PARA OS CONCELLOS DE CUNTIS, BARRO, CAMPO LAMEIRO, MORAÑA E PORTAS**

#### **PRIMEIRA: CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN.**

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.- A presente convocatoria ten por obxecto a contratación, mediante concurso-oposición en réxime de persoal funcionario interino para programa determinado, a tempo parcial, da praza seguinte: Técnica/o municipal de prevención de condutas aditivas para executar o "Proxecto de Prevención de Condutas Aditivas no Eido Local" para a agrupación de Concellos de Cuntis, Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas, e encargarse da coordinación do Servizo ou Unidade de prevención de condutas aditivas de dita agrupación así como da representación técnica do Proxecto ante a Consellería de Sanidade. Este proxecto de prevención estará cofinanciado polos cinco concellos e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ao abeiro da ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- FUNCÍONS DA PERSOA CONTRATADA.- Serán funcións a desempeñar pola persoa contratada as de:

1. Atender e canalizar as demandas de información, asesoramento e formación en relación coas drogas, dentro do ámbito territorial de actuación definido arriba.
2. Planificar, programar, coordinar, executar e avaliar programas de prevención das drogodependencias nos diferentes ámbitos de intervención, así como a formación de mediadores/as sociais e sanitarios/as.
3. Mecanizar todos os programas preventivos realizados, así como cada unha das variables que conforman o Sistema de Información da Consellería de Sanidade na área da prevención das drogodependencias, a través da aplicación informática Xesapi.
4. Ser un nexo de unión e coordinación coas distintas entidades que poden estar implicadas no proxecto no seu ámbito territorial de actuación.
5. Difundir á sociedade a través dos medios de comunicación de que se dispoña, as estratexias preventivas que se están levando a cabo e os resultados acadados con elas, isto é, visualizar o proxecto no contexto social.





## Concello de Cuntis

6. Detectar no seu ámbito posibles incumprimentos da normativa sobre promoción, publicidade, venda e consumo de bebidas alcohólicas e tabaco.
7. Atender as indicacións da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e das directrices do Plan de Trastornos Aditivos da Xunta de Galicia en materia de prevención.
8. Elaborar informes que permitan o correcto seguimento e avaliación dos proxectos que se determinen dende a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.- Será o Concello de Cuntis quen formalice a relación laboral, mediante o nomeamento como persoal funcionario interino para programa determinado e está vinculado á subvención concedida pola Consellería de Sanidade ao abeiro da citada ORDE do 21 de xullo de 2022 (DOG nº 153 do 21 de xullo de 2022). A relación laboral estará en vigor dende a data de toma de posesión ata o 30 de xuño de 2025 como data máxima, ou ata que se realice a convocatoria desta praza polo *proceso de estabilización*, segundo a oferta pública de emprego do Concello de Cuntis para este proceso de estabilización (DOG nº 111 do 10 de xuño de 2022), Bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 249, do 30 de decembro de 2022)


O horario laboral será de 27,5 horas semanais (vinte sete horas e trinta minutos), a repartir entre os concellos de Cuntis, Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas, cun salario bruto mensual de 1.727,31€, dos cales o complemento de destino é de 433,95€ e o complemento específico, 153,93€. A distribución e número das horas de traballo, así como calquera outra particularidade están suxeitas ás modificacións que poidan xurdir por necesidades organizativas dos Concellos.

Dito Servizo de Prevención terá a súa sede no Concello de Cuntis, desprazándose aos outros concellos segundo as necesidades, polo que é imprescindible estar en posesión do carné de conducir clase B e dispoñer de vehículo propio.

### **SEGUNDA: REQUISITOS PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA.**

#### CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES.-

- 1.- Estar en posesión da seguinte titulación: Licenciatura ou Grao en Psicoloxía, Grao en Traballo Social, Grao en Educación Social.
- 2.- As persoas aspirantes deberán reunir todas e cada unha das condicións seguintes:
  - a) Ter nacionalidade española. Polo que se refire ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados estarase ao disposto no artigo 57 da lei 7/07 de 12 de





## Concello de Cuntis

abril, do estatuto básico do empregado público. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar os límites a efectos de xubilación na lexislación aplicable.

- b) Estar en posesión da titulación mínima esixida para a que se solicite a participación.
- c) Estar en posesión do permiso de conducir.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.

Os requisitos anteriores deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

### **TERCEIRA: PUBLICIDADE, DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1.- O anuncio da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e as bases reguladoras na Sede Electrónica [<http://concellodecuntis.sedelectronica.gal>], así como no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cuntis, para maior difusión.


Os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, publicaranse unicamente na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- As solicitudes formalizaranse conforme o modelo de instancia normalizado que figura no **ANEXO I**, onde manifesten que reúnen todas e cada una das condicións esixidas na base anterior, referidas á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes. Este modelo de documento será o único válido para solicitar a participación na selección. Xunto coa instancia (ANEXO I) achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do carné de conducir
- Fotocopia da titulación académica esixida
- Acreditación de coñecemento da Lingua galega (CELGA 4). Para as persoas que non presenten esta acreditación, farase unha proba escrita
- Currículo vitae e fotocopia dos méritos alegados no mesmo
- Anexo II

O ANEXO II acompañarase, debidamente cuberto, para facilitar a valoración dos méritos.

Só se valorarán os méritos alegados no currículo e acompañados de xustificación





## Concello de Cuntis

documental (fotocopia dos mesmos). **Para acreditar a experiencia laboral deberán aportarse os contratos de traballo e ou certificacións laborais, acompañados da correspondente vida laboral. A formación complementaria acreditarase mediante os diplomas e ou certificados correspondentes nos que se especifique o número de horas e, a poder ser, os contidos do mesmo.**

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación da solicitude. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

**O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO DÍAS HÁBILES (5),** contados a partir do seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria no BOPPO.

4.- As solicitudes presentaranse no modelo de instancia tal e como se especifica no punto 1 da base terceira (ANEXO I), no Rexistro do Concello de Cuntis, sito na Praza da Constitución nº 4, en días laborables no horario de atención ao público: de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas, ou a través da sede electrónica: <https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/>

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calquera dos medios establecidos no Artigo 16 da Lei 39/2015 de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.


**Cando a solicitude (Anexo I) non se presente fisicamente no Rexistro do Concello ou na súa sede electrónica, deberá anunciarse a súa chegada ao e-mail [educacionfamiliar@concellodecuntis.es](mailto:educacionfamiliar@concellodecuntis.es). ISTO SERÁ REQUISITO IMPRESCINDIBLE PARA TER EN CONTA ESTAS SOLICITUDES.**

### CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador do proceso selectivo será nomeado polo alcalde, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 60 do TRLEBEP e o artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. A composición do Tribunal farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Cuntis na mesma data na que se anuncia a lista provisional de persoas admitidas,

As persoas propostas ou designadas para formar parte do mesmo deberán absterse cando concorra algunha das causas previstas no artigo 29 da Lei 30/92, podendo os aspirantes, recusar ós membros do mesmo cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da citada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.





## Concello de Cuntis

Será causa de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal terá como funcións a realización e corrección da proba práctica e a avaliación dos méritos aportados polas persoas aspirantes e a realización da entrevista, e estará integrado polas seguintes persoas:

Presidencia: Persoa funcionaria coa mesma titulación que as esixidas para o acceso á praza convocada

Secretaría: Persoa funcionaria coa mesma titulación que as esixidas para o acceso á praza convocada

Vogalías: 3 persoas funcionarias ou persoal laboral coa mesma titulación que as esixidas para o

### QUINTA: ESTRUCTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O procedemento selectivo realizarase da seguinte maneira:

1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase unha lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dando un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións. Unha vez resoltas estas, se as houbera, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. No caso de non haber persoas excluídas entenderase a citada lista como definitiva.


2.- Na data de publicación da lista definitiva de persoas admitidas, tamén se publicará a data, lugar e hora da proba escrita (Fase de oposición).

3.- O Tribunal reunirse nos 3 días seguintes á publicación da lista definitiva de persoas admitidas. Reunido validamente o Tribunal, quedará facultado para valorar exclusivamente as candidaturas presentadas e admitidas no proceso selectivo,

4.- REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.- A selección realizarase mediante o sistema de concurso – oposición e incluírá unha proba de galego para aquelas persoas que non acrediten o seu coñecemento mediante a certificación do CELGA IV. A proba de galego, se é o caso, realizarase despois da fase de concurso e non se puntuará.

A) FASE DE OPOSICIÓN.- Realización de proba escrita de carácter eliminatorio.

Consistirá na realización dun suposto práctico que terá unha duración máxima de 1,5 horas (unha hora e media), e versará sobre a posta en marcha e xestión dun proxecto de prevención de condutas aditivas a nivel municipal, e estará relacionado cos contidos do temario contido no Anexo III e coas funcións a desempeñar como técnico/a de prevención de condutas aditivas. Valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar como mínimo 5 puntos para superar a proba. Puntuaranse os





## Concello de Cuntis

seguintes aspectos:

- Coñecementos teóricos
- Adecuación das actuacións ao contexto municipal e autonómico
- Comprensión e integración dos contidos do programa
- Claridade na exposición das ideas
- Capacidade de síntese

Todas as persoas aspirantes deberán realizar o mesmo suposto práctico.

A convocatoria para a realización do suposto práctico realizarase por chamamento único, quedando eliminadas do proceso selectivo as persoas que non compareceran, salvo causa de forza maior acreditada, que será apreciada e resolta polo Tribunal, segundo o que proceda. O chamamento será por orde alfabética e todas as persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI.

A proba celebrarase no lugar, día e hora que estableza por Resolución de Alcaldía e publicarase na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Cuntis no mesmo día que se publique a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O resultado da proba práctica, publicarase por orde de puntuación, de maior a menor.

### B) FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS.-

Poderán participar na fase de concurso aquelas persoas que superaron a fase de oposición. A puntuación máxima que se pode acadar na fase de concurso é de 14 puntos, e distribuirase de acordo co seguinte baremo:

#### **BAREMO XERAL DOS MÉRITOS:**


##### **1.- Aptitude profesional (máximo 2 puntos)**

- Máster específico sobre os contidos do Programa ..... 1 punto
- Outros Máster ou cursos de posgrao relacionados.....0,5 puntos por Máster debidamente acreditado

##### **2.- Experiencia profesional (máximo 7 puntos):**

\* Por servizos prestados en igual posto de traballo, acreditados mediante a presentación do correspondente contrato e ou certificación laboral, e vida laboral .....0,15 puntos/mes traballado

\* Por servizos prestados para posto similar acreditados mediante a presentación do correspondente contrato e vida laboral e ou certificación laboral.....0,05 puntos por mes traballado





## Concello de Cuntis

Nota aclaratoria.- Considérase ter traballado en posto similar, cando se teñan desempeñado algunha das funcións que se indican na Base primeira, punto 2, en entidades públicas ou privadas.

### 3.- Formación complementaria axeitada ao posto (máximo 5 puntos)

a) Cursos ACIS da Axencia de Coñecemento en Saúde (específicos para técnicas e técnicos de prevención que desenvolven os Programas de prevención das drogodependencias e trastornos adictivos no eido local)..... 0,05 puntos por cada hora de formación

b) Outros cursos de formación relacionados directamente coas funcións do posto que se vai a desempeñar, acreditados mediante a presentación de certificacións ou diplomas xustificativos da súa realización, onde figuren expresamente o número de horas

Por cursos de máis de 20 horas de duración.....0,05 puntos por cada 20 horas de curso, segundo a seguinte fórmula: **(Nº de horas/ 20) x 0,05**


Nota aclaratoria.- Só se valorarán cursos, xornadas ou seminarios relacionados cos contidos do posto de traballo. No suposto de que non exista constancia da duración dos mesmos, non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos cando este non se deducise da propia denominación dos mesmos. Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente un número mínimo de horas que o compoñen estea relacionado co posto ó que se pretende optar. En todo caso, so se valorarán as horas directamente relacionadas, sempre que estean especificadas con claridade.

As actividades formativas que se realicen de forma modular e que se obteñan certificacións parciais, teranse en conta sempre e cando se acrediten debidamente cos correspondentes certificados.

5.- Concluída a fase de oposición e concurso, e a proba de galego, se fose o caso, o Tribunal fará públicos os resultados provisionais no taboleiro de anuncios e na sede electrónica (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/>) do Concello de Cuntis, por orde de puntuación. No caso de empate terá prioridade quen acredite maior puntuación no seguinte orde:

- 1) Quen acredite máis experiencia profesional no mesmo Programa
- 2) Quen acredite un Máster específico sobre os contidos do Programa
- 3) Quen acredite mais horas de formación relacionada cos contidos do Programa

As persoas candidatas disporán de tres días hábiles (3) dende a publicación da listaxe provisional para facer as alegacións ou consultas que consideren oportunas.





## Concello de Cuntis

Unha vez resoltas, publicarase a listaxe definitiva por orde de puntuación e farase a proposta de nomeamento ao Alcalde-Presidente.

Tendo en conta a proposta efectuada polo Tribunal o Alcalde-Presidente, este ditará resolución de contratación dos/as aspirantes seleccionados/as.

6.- FIN DO PROCESO SELECTIVO.- Aprobada por Decreto de Alcaldía a proposta do Tribunal, notificarase á persoa interesada para que asine o contrato laboral.

A persoa seleccionada deberá presentar na Secretaría da Corporación dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á presentación pública da cualificación final a que se refire a Base anterior, os orixinais de toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na base segunda, a saber

- Documento Nacional de Identidade
- Carné de conducir
- Certificado médico
- Titulación e demais méritos alegados (\*)
- Declaración sobre incompatibilidade e incapacidade para contratar.
- No caso de haber traballado anteriormente, cartilla de afiliación á Seguridade Social.

(\*)Todas as copias simples xustificativas serán cotexadas e compulsadas unha vez superado o proceso selectivo (se non se tivera feito previamente), comprobándose a veracidade da documentación presentada, sendo eliminados do mesmo, aínda cando exista proposta do Tribunal, no caso de non existir correspondencia cos orixinais. Non obstante, o Tribunal queda facultado para solicitar ás e aos aspirantes a compulsa dos documentos, con carácter previo á súa valoración, durante o proceso selectivo.

Así mesmo, a persoa seleccionada deberá presentar certificado médico que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións como se sinala na Base segunda.

A persoa finalmente contratada prestará os seus servizos segundo a relación laboral correspondente, sen que en ningún caso adquiren ningún dereito a incluírse no cadro de persoal fixo do Concello.

Quen dentro do dito prazo de cinco días (5) ou da prórroga de outros dez (10) días naturais, solicitada e concedida por causa de forza maior, non presentasen a documentación, quedarán automaticamente decaídos/as da relación laboral.

### **SEXTA: CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE SUPLENTES.**

Co resto de candidaturas elaborárase unha bolsa de substitución, polo orde de puntuación obtido de maior a menor, e poderán tomar posesión no posto referido nas presentes Bases, no caso de que se produza a baixa da persoa seleccionada.





## Concello de Cuntis

---


No suposto de que a persoa seleccionada non se poña en contacto co Concello nun prazo máximo de 48 horas, despois de recibir a pertinente comunicación, a Alcaldía poderá acorda-lo chamamento á seguinte aspirante da lista, quedando eliminado/a o/a primeiro/a aspirante. E así sucesivamente.

### **SÉTIMA: CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.**

As Bases da presente convocatoria vinculan á Administración, a quen participen na convocatoria e ó Tribunal Cualificador, facultado para resolver tódalas dúbidas que poidan xurdir no desenvolvemento das probas.

### **OITAVA: RECURSOS E IMPUGNACIÓN.**

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán se impugnadas polos interesados nos casos e na forma prevista na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.





## Concello de Cuntis

### ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

|                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p align="center"><b>CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIMEN DE<br/>PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO A TEMPO PARCIAL, PARA PROGRAMA<br/>DETERMINADO DE UN/UNHA TÉCNICO/A SUPERIOR EXPERTO/A EN PREVENCIÓN DE<br/>CONDUTAS ADICTIVAS</b></p> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

D/D<sup>a</sup>.....  
con D.N.I. ...., con domicilio a efectos de notificacións en  
(localidade)....., na rúa.....,  
nº ....., piso....., letra.....; código postal.....  
teléfono..... Titulación académica: .....

MANIFESTA que, decatado/a do contido das Bases que rexen a convocatoria de referencia, cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos, con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

DECLARA ou PROMETE non ter sido separada/o do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.


SOLICITA : Ser admitido/a para participar no proceso selectivo previsto ao efecto.

IMPRESINDIBLE ACOMPAÑAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- FOTOCOPIA DO D.N.I.
- FOTOCOPIA DO CARNET DE CONDUCIR
- FOTOCOPIA DA TITULACIÓN ACADÉMICA
- FOTOCOPIA CELGA IV (SE É O CASO)
- CURRÍCULO VÍTAE
- FOTOCOPIA DOS MÉRITOS ALEGADOS, NO CASO DA EXPERIENCIA LABORAL ACREDITARASE MEDIANTE VIDA LABORAL ACOMPAÑADA DE CONTRATOS DE TRABAJO OU CERTIFICADOS DE EMPRESA
- ANEXO II

Cuntis, ..... de ..... de .....  
(sinatura)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS**





## Concello de Cuntis

### ANEXO II. MÉRITOS ALEGADOS PARA VALORACIÓN DE CURRÍCULUM

#### 1. TITULACIÓN

Titulación de acceso ó posto solicitado

| Nome | ANO |
|------|-----|
|      |     |

#### 2. APTITUDE PROFESIONAL (MÁSTERS OU CURSOS DE POST GRADO)

|  |  |
|--|--|
|  |  |
|  |  |
|  |  |

#### 3. EXPERIENCIA LABORAL


| Entidade | Posto desempeñado | Duración<br>meses ou<br>fracción |
|----------|-------------------|----------------------------------|
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |
|          |                   |                                  |

#### 3. FORMACION RELACIONADA CO POSTO DE TRABAJO

| Nome do curso | ANO | Duración<br>horas |
|---------------|-----|-------------------|
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |
|               |     |                   |

En ....., de ..... de 202

Sinatura,





## Concello de Cuntis

---

### ANEXO III. TEMARIO

TEMA 1. Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024

TEMA 2. Plan Galicia sobre Condutas Adictivas 2011-2016

TEMA 3. Carteira de Servizos en materia de prevención de condutas adictivas

TEMA 4. Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as Bases Reguladoras da concesión de subvencións destinadas a proxectos de prevención promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupación de concellos

TEMA 5. Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas

TEMA 6. Lei 6/1997, do 22 de outubro, sobre drogas, para a prevención, asistencia e integración social

TEMA 7. Decreto 41/2008, do 28 de febreiro, polo que se establecen os criterios básicos para a autorización dos programas e actividades de prevención en drogodependencias e constitúese o Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia

TEMA 8. Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e a reguladora da venda, subministro, consumo e publicidade dos produtos do tabaco.

TEMA 9. Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade


TEMA 10. Proxecto de Lei reguladora dos xogos en Galicia

TEMA 11. Conceptos clave na prevención de condutas adictivas

TEMA 12. Adiccións sen substancia (TICS)

TEMA 13. Xogo patolóxico. Definición, criterios , diagnose e prevención

TEMA 14. Teorías e modelos en prevención das condutas adictivas





## Concello de Cuntis

---

TEMA 15. Factores de protección e factores de risco asociados ás condutas adictivas

TEMA 16 . Epidemioloxía das condutas adictivas en España

TEMA 17. A prevención dende o ámbito escolar

TEMA 18. A prevención dende o ámbito familiar

TEMA 19. A prevención dende o ámbito comunitario

TEMA 20. A prevención ambiental

TEMA 21. Neuropatoloxía das adiccións

TEMA 22. Plans Municipais de Prevención das Condutas Adictivas

TEMA 23. Programas de prevención baseados na evidencia

TEMA 24. Avaliación das intervencións preventivas

